



Concello de Outes

Concello de Outes

ESPAZOS DAS FAMILIAS CURSO 2022/2023

O Concello de Outes en colaboración coa asociación socio-educativa Antonio Gandoy vai continuar durante o curso 2022/2023 co "ESPAZO DAS FAMILIAS". Trátase dun servizo educativo dirixido a pais, nais ou titores legais e aos seus nenos e nenas de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos (que non estean escolarizados) para dar resposta ás necesidades das familias en grupo e tamén mediante o asesoramento individual e presencial.

A actividade Espazos das Familias lévase a cabo mediante reunións que teñen lugar unha vez por semana, os martes en horario de 18.00h a 19.00h, con outras familias con nenos/as de 0-3 anos e un profesional do eido da educación da Asociación socio-educativa Antonio Gandoy. Ofrécese ás familias un lugar de encontro con profesionais da educación para a formación de nais e pais sobre a primeira infancia, un espazo para o intercambio de experiencias, información e formación que fomenten o desenvolvemento da parentalidade positiva, etc. onde uns aprenden dos outros e os nenos/as poden xogar con iguais.

A través de diversas actividades e mediante a observación, as familias poden chegar a coñecer e comprender o desenvolvemento dos seus fillos, enriquecendo a súa relación e dando respostas axeitadas ás súas necesidades e posibilidades.

Tanto se o voso fillo/a asiste ó Punto de Atención á Infancia como se non, podeades participar xa que se trata dun programa de formación de pais e nais. O custo desta actividade será asumido na súa totalidade polo Concello de xeito que para as familias sexa un recurso educativo gratuíto.

A sesión de presentación coa que se dará inicio ó novo curso será o vindeiro 11 de outubro ás 18:00h no Colexio do Cruceiro de Roo. Coa finalidade de ver as familias que estariades interesadas en participar nesta actividade ábrese un prazo de inscrición ata o vindeiro 30 de setembro en horario de 9.00h a 14.00h, no Concello.

Para inscricións e/ou mais información poden poñerse en contacto coa educadora familiar (teléfonos 637.063.653/ 981.850.003).

Concello de Outes

Rúa da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003.